

A large, detailed bronze sculpture of a winged figure, likely Liberty, holding a sword and a tablet, set against a stone wall. The figure is depicted in a dynamic, heroic pose, with wings spread wide and a determined expression. The sculpture is mounted on a light-colored stone wall, and the overall scene is framed by a classical architectural element, possibly a pediment or a frieze. The text "RESTAURACIÓN, LIBERALISMO E NACIONALISMO" is overlaid in white, bold, serif capital letters across the center of the image.

RESTAURACIÓN, LIBERALISMO E NACIONALISMO

O CONGRESO DE VIENA - 1814



O pastel dos reis: reparto de Europa entre os monarcas vencedores de Napoleón

Europa 1815



REVOLUCIÓN DE 1820

INDEPENDENCIA DE GRECIA



DELACROIX, *A matanza de Quíos*

1821: Levantamento contra os turcos.

1825: Declaración de Independencia na Asemblea Nacional Grega:

Despois desta prolongada escravitude, decidimos recorrer ás armas para liberar a nosa patria dunha terrible tiranía, a esencia da cal é inicua, un despotismo sen paralelo con que non se pode comparar ningún outro. A guerra contra os turcos non está destinada a obter vantaxes para unha parte do pobo grego; é unha guerra nacional, unha guerra sagrada, unha guerra que ten como obxectivo reconquistar os dereitos da liberdade individual, da propiedade e da honra.

1830: Independencia.

Intervención da Santa Alianza en España (1823)




Ben públicos e notorios foron a todos os meus vasalos os **escandalosos sucesos** que precederon, acompañaron e seguiron ao restablecemento da democrática Constitución de Cádiz no mes de marzo do ano **1820**; a máis criminal traizón, a máis vergoñenta covardía, o desacato máis horrendo á miña Real Persoa, e a violencia máis inevitable, foron os elementos empregados para variar esencialmente o Goberno paternal dos meus reinos nun **código democrático, orixe fecunda de desastres e desgracias.**

A Europa enteira, coñecendo profundamente o meu cativerio e o de toda a miña Real Familia (...) determinaron poñer fin a un estado de cousas, que era o **escándalo universal**, que camiñaba a trastornar todos os tronos e todas as institucións antigas, cambiándoas na **irrelixión** e na **inmoralidade**.

Encargada Francia de tan santa empresa, en poucos meses triunfou dos esforzos de todos os rebeldes do mundo, reunidos por desgracia da España, no solo clásico da fidelidade e mais a lealdade. O meu augusto e amado curmán o duque de Angulema á fronte dun exército valente, vencedor en todos os meus dominios, sacoume da escravitude na que xemía, restituíndome aos meus amados vasalos, fies e constantes.

1 de outubro de 1823. Fernando VII, rei de España.

INDEPENDENCIA DE AMÉRICA LATINA



SAN MARTIN



REVOLUCIÓN DE 1830



DELACROIX, *A liberdade guiando ao pobo.*

Representación de todas as clases populares: o artesán, o obreiro, o campesiño e o estudante, que se levantaron nas *Gloriosas Xornadas* de xullo de 1830.

REVOLUCIÓN DE 1848

O Manifesto da Reforma

Todos os homes son irmáns. Onde non existe igualdade, a liberdade é unha mentira. Os traballadores foron escravos, foron servos, hoxe son asalariados, ten que se intentar facelos chegar ao estado de asociados.

Só se pode acadar esta meta coa acción dun poder democrático.

Un poder democrático é aquel que ten a soberanía popular como principio, o sufrexio universal como orixe e, como obxectivo, a realización da fórmula: liberdade, igualdade e fraternidade.

Os gobernantes dunha democracia son tan só madatarios do pobo; teñen que ser responsables e revogables.

As funcións públicas non son distincións, non teñen que ser privilexios, son deberes.

A lei é a vontade do pobo, mais todo o mundo ten dereito a crítica libremente.

A educación dos cidadáns ten que ser común e gratuita. Correspóndelle ao Estado a súa realización. Corresponde ao Estado tomar as iniciativas das reformas industriais e conseguir unha organización do traballo que mellore a condición dos asalariados. Cómpre substituír a organización do crédito individual pola do crédito do Estado. O Estado, ata a emancipación do proletariado, ten que ser o banqueiro dos pobres. O Estado ten que garantirlle traballo ao cidadán forte e saludable; ao doente e ao vello débiles axuda e protección.

L. BLANC, “Manifesto”, xornal *La Reforme*, 1848.

LIBERALISMO MODERADO

- Soberanía nacional limitada.
- División de poderes con interferencias entre eles.
- Sufraxio censitario.
- Liberdades individuais reducidas.
- Igualdade xurídica dos cidadáns.

LIBERALISMO RADICAL

- Soberanía nacional.
- Clara división de poderes.
- Sufraxio universal.
- Amplas liberdades individuais.
- Igualdade xurídica dos cidadáns.

O ESTADO BURGUÉS

Predominio da monarquía constitucional

- División de poderes.
- Poderes do rei:
 - xefe do goberno, nomea ministros, participa no lexislativo.
 - Irresponsable ante a lei.
 - Autoritarismo con aspectos do liberalismo nalgúns países.
- Primacía do executivo sobre o lexislativo.
- Bicameralismo: Congreso ou Cámara Baixa
Senado ou Cámara Alta (designación real).
- Partidos políticos: grupos de notables sen disciplina de voto.
- Dereitos e liberdades individuais (restrinxidos na práctica).
- Sufraxio censitario.
- Supremacía do dereito de propiedade e da liberdade económica.

- Fin S.XIX-Inicio do XX ⇒ **Camiño cara á democracia**

- ✕ Ampliación do dereito de voto.

- ✕ Consolidación das prácticas parlamentarias (Francia, Gran Bretaña).

- ✕ Ampliación dos dereitos individuais.

- ✕ Separación Igrexa-Estado ⇒ Leis anticlericais.

- **Nacionalismo de Estado** → Centralización política.

- Homoxeneización da poboación.

- Conciencia nacional ⇒ identificación de fronteiras do Estado e Nación.

- Agresividade e glorificación da propia grandeza.

- Intolerancia coas minorías.

Fin XIX-Inicio XX ⇒ Reivindicacións nacionalistas dos pobos sen Estado.


Xa dixen, hai algún tempo, que na medida en que toda Constitución é a garantía da liberdade dun pobo, todo o que apunta cara á liberdade é constitucional, e non o é o que a ignora; que estender unha Constitución a todo, é multiplicar os perigos que a ameazan; que na Constitución existen certos principios fundamentais que ningunha autoridade nacional pode alterar, pero que por consenso pódese facer todo o que non se opoña a estes principios.

A actual Constitución, aínda que estea aceptada polo pobo francés, poderá ser mellorada nalgunha das súas disposicións. Creo que, se se estuda ben, comprobarase que case todos os seus artigos se axustan aos principios que garanten as asociacións humanas e favorecen a liberdade.

Non será, daquela, superfluo examinar a nosa Constitución, tanto no seu conxunto como nos detalles, posto que, refrendada polo sufraxio nacional, é susceptible de perfeccionamento.

B. CONSTANT, *Principios de política*, 1815.





O progreso da maquinaria foi tan rápido, tan incontrolado e autoprotexido no seu desenvolvemento, que os que estaban no negocio convertéronse, como por arte de maxia, na aristocracia adiñeirada do país; e como os nosos gobernantes favorecen, e o noso sistema sanciona un dereito de voto baseado no diñeiro como proba de aptitude lexislativa, non hai que se abraiar de que o rango social dos traficantes de diñeiro chegue a ser igual que as súas posesións; nin tampouco de que dentro de pouco comprobemos que se xeneraliza o que vai en aumento, a saber, un cambio total da situación entre a aristocracia do vapor e a aristocracia da terra.

Northern Star, 16 marzo 1839.



LE VENTRE LÉGISLATIF.

Après les deux ministres de la Santé, le 10 mars 1855.





DEREITOS POLÍTICOS DAS MULLERES

- Participación das mulleres nas revolucións liberais sen recoñecemento dos dereitos políticos.
- Olimpia de Gouges
- Mary Wollstronecraft
- 1860: Movemento sufraxista.
 - Gran Bretaña: E. Pankhurst chega á opinión pública coas súas protestas.



1. A muller nace libre e permanece igual ao home en dereitos.
 2. A finalidade de calquera asociación política é a conservación dos dereitos naturais e imprescindibles da muller e do home.
 3. O principio de calquera soberanía reside esencialmente na nación, que non é máis que a reunión da muller e o home.
 6. A lei debe ser a expresión da vontade xeral; todas as cidadás e cidadáns deben contribuír, persoalmente ou por medio dos seus representantes, á súa elaboración. A lei debe ser a mesma para todos.
 15. As mulleres, coaligadas pola contribución cos homes, teñen o dereito de pedir contas a todo axente público da súa administración.
- O. DE GOUGES, *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá*, 1791.




Para conservar a beleza persoal -gloria da muller- oprímense membros e facultades con algo peor cas vendas chinesas, é a vida sedentaria a que se lles condena a vivir, mentres os nenos corren ao aire libre, debilita os músculos e relaxa os nervos. En canto aos comentarios de Rousseau, dos que se fixeron eco moitos escritores desde entón, sobre a inclinación natural, isto é, desde o nacemento e independente da educación, que teñen polas monecas, los traxes e a conversa, son tan puerís que non merecen unha refutación seria.

É, por suposto, moi natural que unha nena, condeada a permanecer sentada durante horas, escoitando a boba charla de neneiras débiles ou asistindo ao arranxo de sua nai, trate de unirse á conservación e que imite a sua nai ou as suas tías e pase o tempo adornando a sua moneca sen vida o mesmo que fan con ela, pobre nena inocente, é sen dúbida a consecuencia máis natural. Porque os homes de mellores facultades rara vez tiveron a forza suficiente para saír de la atmosfera circundante; e se as páxinas de xenio sempre resultaron borrosas polos prexuizos da época, débese conceder certa indulxencia a un sexo que, coma os reis, sempre ve as cousas a través dun falso intermediario.

M. WOLLSTONECRAFT, *Vindicación dos dereitos da muller*, 1792.



A SUFFRAGETTE'S HOME




AFTER A HARD DAY'S WORK!

Published by the Campaign Committee, National League for Opposing
 Women Suffrage, Oulton House, Westminster. **JOIN!**

TORTURING WOMEN IN PRISON



VOTE AGAINST THE GOVERNMENT



NACIONALISMO



Todos os que falan un mesmo idioma están unidos entre si por unha morea de vínculos invisibles, porque poden comprenderse uns aos outros e comprededíanse cada vez con máis claridade formando, naturalmente, un todo homoxéneo. (...) Destes límites internos, constituídos polas propias forzas da natureza espiritual humana, orixínanse, despois, os límites ou fronteiras materiais; de xeito que os homes non forman unha nación porque vivan nunha ou noutra banda dunha cadea montañosa, ou dun río, senón que viven xuntos porque primitivamente, e por mor das leis naturais de orde superior, xa formaban un pobo.

FICHTE, *Discursos á nación alemana*, 1807.

❑ A NACIÓN SEGUNDO O PENSAMENTO LIBERAL

- Os individuos delegan os seus dereitos de soberanía na comunidade.
- Soberanía colectiva ou soberanía nacional (vontade libre de todo o pobo) depositada no ESTADO, que vela polos intereses da comunidade.
- O pobo controla o Estado por un sistema que represente á maioría.
- Factores definitorios da NACIÓN: carácter político → mesmo territorio, baixo a mesma lei ou goberno.

⇒ Estado lexítimo → Libre participación política dos cidadáns.
→ Libre consentimento dos cidadáns.

- Papel central do Estado → É anterior á Nación e crea á Nación.
- Lingua oficial única e política de asimilación de diferenzas.
- Principios do S.XX: Distinción NACIÓN/NACIONALIDADE.

NACIÓN: Globalidade do Estado (carácter político-xurídico).

NACIONALIDADE: Comunidades que dentro do Estado teñen lingua e tradición histórica diferentes.

Poden existir varias nacionalidades dentro dun Estado ou nacionalidades repartidas en Estados diferentes.

❑ A NACIÓN SEGUNDO O ROMANTICISMO (CONCEPCIÓN ORGÁNICO-HISTORICISTA)

- Elemento definidor dunha Nación: *VOLKSGEIST* (*espírito do pobo*).
- NACIÓN: entidade superior aos individuos con orixe remota, destinada a perpetuarse durante xeracións, encarnada en símbolos.
- Valor central da lingua como expresión do máis puro da Nación.
 - ⇒ Renacemento literario de linguas europeas: italiano, catalán, galego.
 - ⇒ Fonte continua de conflitos.
- Interese polos estudos xurídicos, xeográficos, históricos, buscando unha indentidade colectiva.
- Historia → Instrumento de exaltación patriótica e nacionalista.
- Nacionalismo → Orixes de movementos políticos para reaxustar fronteiras.

❑ A NACIÓN COMO SÍNTESE ORGÁNICO- HISTORICISTA E VOLUNTARISTA

- Necesidade de unir os elementos da interpretación liberal coa vontade de ser Nación dos individuos que a forman.

❑ A CUESTIÓN NACIONAL NO MARXISMO

- Defensa da solidariedade internacional obreira superadora das diferenzas nacionais.
- S.XX: Aceptación do dereito de autodeterminación das nacións como medio de liberación dos pobos sometidos.

OS MOVEMENTOS NACIONALISTAS

- Tipos → De consolidación (nos Estados-nación consolidados)
 - De afirmación (pobos que loitan por un Estado propio)
 - Nacionalismo centrífugo
 - Nacionalismo centrípeto
- Fases: 1ª. Minoría interesada pola historia, lingua e cultura do seu pobo.
 - 2ª. Súmanse apoios sociais e aparece a mobilización política.
 - 3ª. Movemento de masas que pode chegar a formar un Estado propio.
- Ideoloxías diferentes: conservadores, liberais, autoritarios, fascistas, de esquerdas...
- Estratexias: axitación pacífica, manifestacións populares, guerra, terrorismo.

A Revolución Francesa inspira as ideas de liberdade e independencia nacional

Unha vez que se acadou un certo grao de desenvolvemento europeo, as comunidades lingüísticas e culturais dos pobos, tras mudar silenciosamente durante séculos, xorden da existencia pasiva como pobos. Adquiren conciencia de si mesmos como forza cun destino histórico. Esixen controlar o Estado, como o instrumento de poder máis elevado de que se dispón e loitan pola súa autodeterminación política.

O aniversario da idea política da nación e o ano de nacemento desta nova conciencia é 1789, o ano da Revolución Francesa.

K.RENNER, *Estado e Nación*, 1899.

UNIFICACIÓN ITALIANA



La unificación italiana.



FASES DE LA UNIFICACIÓN ITALIANA

- 1859-1861
- 1866
- 1871



Principales batallas



Levantamientos populares



Avance del ejército piemontés



Expedición de Garibaldi y los mil "camisas rojas"

- División no Congreso de Viena: Piemonte-Sardegna (Estado-tapón), Lombardía-Véneto (influencia austríaca), Parma, Módena, Toscana (príncipes austriacos), Estados Pontificios (Papa), Reino das Dúas Sicilias (Borbóns).
- Extensión da conciencia unificadora en intelectuais, políticos e artistas (Mazzini, Verdi).
- Intereses económicos $\Rightarrow$ Complementariedade: Sur agrícola/ Norte industrial.
- 1848: Fracaso de intentos republicanos e democráticos baseados na insurrección popular.
- **Piemonte** $\rightarrow$ Dinastía de orixe italiana (Savoia) con réxime constitucional (Estatuto real)
 - 2 vías:
 - ✗ CAVOUR $\rightarrow$ Vía aristocrática e reformista.
 - $\rightarrow$ Diplomacia internacional contra Austria.
 - ✗ GARIBALDI $\rightarrow$ Vía popular e revolucionaria.
 - $\rightarrow$ Insurrección popular (camisas vermellas)

Non temos bandeira, non temos nome político, nin gozamos dun lugar entre as nacións europeas. Non temos centro común, non temos Carta ningunha nin un mercado unificado. Estamos desmembrados en oito Estados. Oito liñas de alfándegas limitan o noso mercado e impídenos a industria e maila actividade comercial. Oito sistemas diferentes de moeda, de pesos e medidas, de lexislación civil e de organización administrativa afastáronnos e fannos sentir estranxeiros uns dos outros. E todos estes Estados están en mans de gobernos despóticos. Non existe liberdade de prensa, nin de asociación, nin de palabra.

MAZZINI, G., *Italia, Austria e o Papa*, 1845.

GARIBALDI





CAVOUR (1810-1861)



VÍTOR MANUEL II DE PIEMONTE

- 1ª Fase (1848-1860):

➤ LEVANTAMENTOS DE 1848

- 1848: Insurrección contra Austria ⇒ Apoio de Piemonte.
 - Falta de preparación e medios do exército piemontés.
- Roma → Proclamación da República por MAZZINI.
 - 1849: Volta do Papa protexido por Francia (1850).
- Venecia → República en 1848 (Cae en 1849).

➤ GUERRA DE LOMBARDÍA (1859)

- Cavour ten o apoio francés á unificación italiana.
- Vitorias de Piemonte en Magenta e Solferino.
 - ↳ Abandonado por Francia ⇒ Armistio con Austria.

- 2ª Fase (1860-1865):

- Apoio francés a cambio de Savoia e Niza.
- Incorporación das provincias pontificias.
- Unión por plebiscitos de Parma, Módena e Toscana.
- Sur → Garibaldi e os 1000 camisas vermellas ⇒ Sicilia e Nápoles.
- 1861: VÍTOR MANUEL II de Piemonte proclamado rei de Italia.

- 3ª Fase (1865-1870):

- 1866: Guerra Austro-prusiana → Entrega de Venecia a Italia.
- 1870: Guerra Franco-prusiana → Francia abandona Roma

Lei de Garantías:- Soberanía do Papa no Vaticano.

- Inviolabilidade da persoa do Pontífice.
- Garantía de libre acceso para os Concilios.



Vittorio **E**mmanuele **R**e **D**'Italia

- Aspectos **positivos** da unificación:
 - Mesmo código penal, sistema arancelario, moeda.
 - Crecemento económico irregular.
 - Incorporación de Italia á carreira colonial.
- Aspectos **negativos**:
 - Desequilibrio Norte industrial/Sur deprimido.
 - Divorcio intelectuais/masas rurais e urbanas.
 - Rexeitamento dos católicos á solución do Vaticano.
 - Contraste entre o mito da Italia do *Risorgimento* e a realidade.
 - Emigración cara ás cidades ou a América.
 - Auxe de sociedades económicas delictivas.
 - Reclamación de territorios de poboación italiana (Trentino, Trieste, Istria, Alto Adigio).

UNIFICACIÓN ALEMANA



FASES DE LA UNIFICACIÓN ALEMANA

- 1864-1867
- 1870-1871
- Confederación Germánica (1815-1866)
- Confederación de la Alemania del Norte (1867)
- Imperio Alemán en 1871
- Territorios anexionados y/o asociados a Prusia
- Batallas
- Campanas prusianas

- 1815: Congreso de Viena ⇒ Conf. Xermánica: 39 Estados cunha **DIETA** federal (Presidente: Emperador de Austria).
- Raíces intelectuais:
 - HERDER: *Volksgeist* (alma do pobo).
 - FICHTE: Superioridade histórica do pobo xermánico.
 - HEGEL: Necesidade histórica do Estado alemán.
- Raíces económicas: 1834- **ZOLLVEREIN** → Unión aduaneira liderada por Prusia.
- 2 prantexamentos de unificación
 - Gran Alemaña: todos os pobos de cultura xermánica encabezados por Austria.
 - Pequena Alemaña: arredor de Prusia (1862: Bismarck chanceler).



K. A. Berg, Berlin

BISMARCK IN 1871

From a photograph by Loescher and Petsch, Berlin



GUILLERME I DE PRUSIA

O carácter autoritario do nacionalismo alemán

Alemaña non está cos seus ollos voltos cara ao liberalismo de Prusia, senón cara a súa forza. Todos os Estados alemáns poden facerse liberais, pero ningún será quen de culminar os destinos deste país. Prusia debe xuntar todas as súas forzas e mantelas en reserva esperando unha oportunidade favorable que xa se deixou pasar varias veces. As nosas fronteiras, desde os tratados de 1815, son desfavorables ao desenvolvemento do Estado alemán; pero non vai ser por medio dos discursos ou dos votos como van atopar resposta as grandes cuestións desta época, como se pensou equivocadamente en 1848-49, senón polo ferro e o lume.

BISMARCK, *Discurso*, 1862.

Fases da Unificación Alemana:

♦ GUERRA DOS DUCADOS (1864)

→ Austria e Prusia fronte a Dinamarca incorporan Schleswig e Holstein.

♦ GUERRA AUSTRO-PRUSIANA (1866)

→ Austria rexeita a proposta prusiana dun Parlamento alemán.

→ Bismarck atrae a Rusia (inimiga de Austria nos Balcáns)

→ Vitoria austriaca en Italia pero é derrotada por Prusia (Sadowa)

→ Confederación Alemana do Norte (23 Estados).

↳ Borrador de Constitución.

↳ Sufraxio universal para o Reichstag.

↳ Creación dunha segunda cámara territorial (Bundesrat).

♦ GUERRA FRANCO-PRUSIANA (1870)

→ París declara a guerra a Berlín.

→ Clara superioridade prusiana: rapidez, infraestrutura, homes, estratexia.

→ Reacción patriótica antifrancesa ⇒ estímulo da unificación dos alemáns.


→ Derrota francesa en SEDÁN ⇒ Avance alemán cara a París.

→ Proclamación do Imperio Alemán en Versalles (1871) ⇒ **II IMPERIO**.

→ Incorporación de Alsacia e Lorena a Alemaña ⇒ Problemas no futuro.

IMPERIO AUSTRO-HÚNGARO





Disgregación do Imperio Turco





Balcàns 1900-1914

